

galega

Biografía

O escritor Xosé María Álvarez Blázquez naceu na vila pontevedresa de Tuí o catro de febreiro de 1915, hai agora exactamente 93 anos, no seo dunha familia progresista e moi vinculada á cultura.

Pertence a unha saga de escritores que, ao longo dun século, achegou un bo número de grandes poetas á nosa literatura. A vocación literaria comezou co seu avó Emilio Álvarez Giménez, seguiu co seu tío e padriño Xerardo Álvarez Limeses e foi compartida por Xosé María co seu irmán Emilio Álvarez Blázquez. Hoxe en día, os seus fillos Alfonso, Celso e Xosé María Álvarez Cáccamo manteñen esa mesma afección literaria.

Con quince anos, comezou a escribir e a publicar poemas en xornais de Pontevedra e Tuí e, aos dezaseis, principia os seus estudos de Maxisterio en Pontevedra, exercendo desde 1935 como mestre na Guarda e despois en Tuí.

Dos primeiros anos da súa vida, Xosé María gardou sempre unha lembranza amarga, pois na Guerra Civil española fusilaran a seu pai por defender a ideoloxía republicana.

Nos anos 30, convive en Pontevedra con altísimos intelectuais galeguistas como o propio Castelao. Nesta cidade funda o seu primeiro proxecto literario: a revista *Crístal*.

A súa militancia no Partido Galeguista, xunto a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Otero Pedrayo ou Alexandre Bóveda, entre outros, foi motivo suficiente para que en 1937 o Goberno do ditador Franco decidise sancionalo coa suspensión de emprego e soldo e desterralo á escola de Coreses, que el describía como un "cárcere medieval", situada "nun pobo triste de Zamora".

En 1942, renuncia á súa profesión de mestre para poder regresar a Vigo xunto á súa nai e irmáns e, en 1945, casa con María Luísa Cáccamo, coa que terá seis fillos: María Luísa, alcumada *Colorín*, que morrería mocíña; Xosé María, poeta; Alfonso, poeta e narrador; Helena, actriz de teatro independente na súa primeira mocidade; Celso, filólogo e poeta e Berta, pintora.

Desde esta cidade, Vigo, en compañía da súa familia, Xosé M.^a Álvarez Blázquez dirixiu o seu proxecto de vida e entregouse a un labor cultural incesante: poeta, narrador, dramaturgo, ensaísta, bibliófilo, editor, conferenciante, historiador, arqueólogo, creador dun museo, xornalista de prensa e radio, profesor, cronista oficial da cidade de Vigo, investigador da nosa literatura e editor son algunhas das facetas que este intelectual comprometido con Galicia desenvolveu ata os primeiros días de marzo de 1985, data do seu falecemento en Vigo.

En 1964, ingresou na Real Academia Galega, a mesma institución que, como gratitude ao seu labor como editor e á súa defensa da lingua e da cultura galegas, acordou dedicarlle o Día das Letras Galegas, o 17 de maio de 2008.

ria ÁLVAR